

Lembra que é moi delicado e sensible aos golpes, especialmente a pantalla que tamén é a parte máis valiosa, recomendámosche que evites o peche do aparato con bolígrafos ou outros obxectos no seu interior porque romperían a pantalla.

### **Conservar información**

Se queres conservar a información que consideres utiliza un pendrive, un CD-ROM, DVD ou un BLU-RAY, ou envíate a ti mesmo a información por correo electrónico. Nós imos borrar todo o que se faga no portátil cando nolo entregues.

### **Incumprimento das normas**

O incumprimento das normas que establecemos e aceptas cando te fas socio/socia supón a suspensión do servizo de préstamo de calquera tipo de documentos (libros, cds...) de forma temporal ou indefinida.

Será de 1 día de suspensión por entregalo máis tarde das 20.00 h. de luns a venres ou das 13.00 h. os sábados. E no verán mais tarde das 13:30 h.

Pasadas as 21.00 h., a sanción aumenta a 7 días por cada préstamo (Ex.: 1 portátil+1 rato=14 días de sanción).

Por roubo, destrución ou deterioro irreparable do ordenador ou dos seus accesorios deberás repoñer o ordenador con outro de similares características, cuxo valor aproximado acordaremos ou no seu caso a reparación do dano causado. Mentres non se leve a cabo a reposición estarás suspendido/a do servizo de préstamo de calquera material.

# Préstamo de portátiles

## **Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal**

Avda. Xoán XXIII, s/nº

15704 Santiago de Compostela

Tif. 881 999 401

Fax 881 999 414

**[biblio.publica.santiago@xunta.gal](mailto:biblio.publica.santiago@xunta.gal)**

**<http://bibliotecas.xunta.gal/santiago>**

**<https://www.facebook.com/bpsanxelcasal>**

**<https://twitter.com/bpsanxelcasal>**

## Agora tamén podes pedir en préstamo un portátil á Biblioteca

Ademais de libros, revistas, cds ou dvds tamén podes ter en préstamo un portátil nas salas da Biblioteca.

Poderás facer traballos, navegar por internet, estudar, xogar...Os portátiles están a disposición de todas as usuarias e todos os usuarios que soliciten este servizo, pero deben ser maiores de 18 anos ou estar acompañados/acompañadas por un maior que se responsabilice dos préstamos a menores.

### Requisitos

Se xa es socio/socia da Biblioteca a primeira vez que queiras usar o servizo tés que cumprimentar un novo impreso. Se aínda non o es cando te fagas xa terás acceso ao servizo desde o primeiro momento.

Só poderás usar este servizo se non tés préstamos vencidos ou non estás sancionado/a.

Pedirémosche que asines un acta de entrega do portátil cada vez que o leves e quedaremos co teu carné da biblioteca mentres non o entregues. Lembra que o carné é persoal e intransferible. Podes ter un portátil de cada vez.

### Descrición técnica e programas

Os portátiles contan con aplicacións de software libre e código aberto. Tamén con programas accesibles, é dicir, apropiados para

persoas con discapacidades dalgún tipo físicas ou psíquicas. Forman parte do **Proxecto TIC TAC Adapta** que foi quen proporcionou ás bibliotecas os portátiles e o software.

Son pequenos portátiles (Netbook) HP mini e contan con:

*Procesador Intel Atom N450 1,66 GHz;*  
*Memoria RAM (MB): 1 x 1024 GB DDR2 SDRAM;*  
*Disco duro (7200 rpm) 160 Gb;*  
*Sistema Operativo: Windows 7 Professional Downgradable to XP;*  
*Tamaño: 10.1 polgadas;*  
*Peso: a partir de 1,19 Kg;*  
*Batería de litio-ion de 4 celas;*  
*Portos 3 USB 2.0;*  
*1 entrada VGA;*  
*1 alimentación de CA de 40 w. 1 RJ-45;*  
*1 entrada de micrófono estéreo;*  
*1 saída estéreo de auriculares/liña;*  
*1 ranura de memoria SD, Cámara Web incorporada de 2 MP.; wifi integrada; Bluetooth*  
*Software instalado: Windows 7 Professional; Adobe Reader 9; OpenOffice 3.2(suite ofimática); Firefox (navegador web optativo a IE); Quick Time; Real Player*  
*Software para mellorar a accesibilidade informática das persoas con algún tipo de discapacidade física e sensorial aportados polo Proxecto TIC TAC Adapta: Entrada alternativa de texto: Dasher; Programa de configuración do rato de queixo BJ (Bjoy configurador); Programa de actividades para a pantalla (FAM Armoni); Distribución de teclas especiais para BigKeys LX (configurador de teclado letras grandes); Lector de pantalla JAWS; Realización alternativa de clics: Point-N-Click (rato virtual); Click-N-Type (teclado virtual)*

### Préstamo en sala

O préstamo é só para usar dentro do edificio da Biblioteca e dura 1 día como máximo, **SEMPRE** hai que devolver o portátil 1 h. antes do peche da biblioteca. Antes das 20.00 h

durante a semana. Os sábados antes das 13.00 h. E no verán antes das 13:30 h.

### Accesorios

En principio prestamos o portátil co maletín, o rato e o cable da alimentación eléctrica, se precisas máis compoñentes (gravadora-lectora de dvds, outros cables, batería, cascos, etc.) solicítaos no mostrador. Se non houbera sitios dispoñibles para enchufar o portátil pide a batería, por defecto prestámoslo sen ela para que non se estrague.

### Reconfiguración

Despois de que entregues o portátil vanse borrar todos os traballos e o historial de descargas para manter a privacidade e para evitar virus.

### Limites de uso

Coma cos outros ordenadores non permitimos que uses o aparato para gravar software ilegal nin para acceder a contidos pornográficos, violentos ou xenófobos de internet.

### Cóidao ben

Ti es o único/a única responsable do equipo e complementos durante o préstamo, debes coidar que non cho rouben, así que procura non o deixar nunca só enriba da mesa, nin llo deixes usar a ninguén. Non lle manipules nin o hardware nin o software, debe quedar como estaba.